

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000035.

Excm. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o **xoves 29 de agosto de 2024, ás 13:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN.

ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

XESTIÓN

2. PAGO DO PREZO XUSTO DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS CON MOTIVO DO "PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE DESDOBRAMENTO DA AVENIDA INFANTA ELENA DE LUGO ENTRE A ROTONDA DO CENTRO COMERCIAL 'AS TERMAS' E A ROTONDA DA AVENIDA BENIGNO RIVERA (O CEAO - LUGO)".

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN

3. CONTRATACION DO SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERÍA PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SERRA DE OUTES DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF.: 2024/C003/000016. ADXUDICACIÓN.

PERSOAL

4. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE COBERTURA TEMPORAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA
VECIÑANZA**

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

5. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO. 2024.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Xustifícase o carácter extraordinaria da sesión na necesidade perentoria de tratar os asuntos que diguran na orde do día.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,